

Actividades para proxectos | Inclusión

Secundaria. 12 a 18 anos

Cartas para Europa

	Educación Secundaria 12 a 14 anos	
	Nivel Baixo	
	Temporalización 16 sesións	
	Socios Máximo socios	4-5

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Escribir e recibir cartas ou postais de moitos países europeos, socios no proxecto.

Sobre un mapa de Europa grande colocado nunha parede do centro, ir pegando cada postal ou carta que se reciba, enriba do seu país de procedencia e engadir carteis coa lingua de cada país.

Completar a actividade facendo un vídeo coas fotos feitas durante o desenvolvemento da actividade de cada centro, que se compartirá no TwinSpace.



OBXECTIVO DA ACTIVIDADE

- Celebrar no centro educativo o **Día das Linguas Europeas**, o 26 de setembro
- Traballar a diversidade lingüística e a importancia das linguas para a comunicación
- Valorar a diversidade cultural e fomentar o coñecemento mutuo dos países europeos

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Fase 1: Preparación

Paso 1. Rexistro

Os profesores rexistran os seus alumnos no TwinSpace do proxecto e gardan o documento coas claves que posteriormente se lle repartirán individualmente a cada un.



Paso 2. Preparación das páxinas de actividades e subpáxinas

Os profesores crean diversas páxinas no TwinSpace para organizar o desenvolvemento do proxecto cos seguintes contidos:

- Páxina coa **planificación do proxecto** cos obxectivos, coa temporalización, coas actividades que hai que realizar, cos países e cos centros escolares participantes
- Subpáxinas para **cada un dos centros socios** para informar das localidades e dos seus países
- Páxina para **informar dos enderezos postais** dos centros educativos participantes. Non é pública; uso restrinxido para os profesores coordinadores
- Páxina para recoller as **videomontaxes** feitas polos países, coas fotos

As páxinas coa información sobre o proxecto e cos produtos fanse públicas desde o comezo para que poidan acceder á información e ao desenvolvemento do proxecto outros alumnos do centro, o profesorado en xeral, e as familias.



Paso 3. Enderezos postais dos centros socios e data límite de envío das postais/cartas

- Os docentes socios **comparten nunha páxina privada, de uso restrinxido**, os enderezos postais dos centros escolares participantes. Cada docente edita a páxina colaborativa e escribe o enderezo do seu centro.
- Os docentes socios acordan a **data límite de envío das postais**. Cada postal envíase a un centro e de todos os centros recibimos unha postal.

Fase 2: Desenvolvemento da actividade

Paso 1. Presentación da actividade

O profesor **presenta o proxecto**, e **presentación dos socios**; accédese á páxina web institucional dos centros participantes. Localízase no mapa, os países aos que pertencen.

Preséntase o TwinSpace como espazo de traballo. Os alumnos acceden ao TwinSpace coas súas claves (usuario e contrasinal) repartidas polo profesor, editan e completan os seus perfís no TwinSpace e toman contacto co seu equipo.

Accións que vai realizar cada alumno:

- **Escribir a súa presentación:** localidade, país de nacemento, hobbies, familia, pero ningún dato persoal tal como el teléfono ou o enderezo postal
- **Subir unha foto ao perfil**, ou imaxe que o represente
- **Deixarlles mensaxes** aos alumnos membros utilizando unha linguaxe positiva que fomente a interacción; sempre é unha boa idea engadir palabras ou mensaxes de saúdos nas súas propias linguas. Pódense empregar tradutores en liña



Paso 2. Creación das cartas/postais, recollida e envío

- Cada alumno **crea ou compra unha postal da súa localidade**, e escribe na súa propia lingua esta mensaxe:

FELIZ DÍA DAS LINGUAS EUROPEAS: AMIZADE, PAZ, AMOR [desde o seu propio país]

- O profesor coordinador **repártelle a cada alumno o enderezo postal** dun centro escolar participante e o alumno escribira a na súa postal
- O profesor coordinador **recolle e envía as postais por correo**, antes da data sinalada.

- Fanse **fotos do desenvolvemento da actividade** e sóbense ao TwinSpace
- Escríbense **comentarios no Diario do Proxecto**

Paso 3. Preparación do mural co mapa de Europa

- Ata que chegan as postais, prepárase o mapa de Europa tipo mural grande, nalgũa parede do centro e **elabóranse os seguintes letreiros**
 - o título do proxecto
 - as diversas linguas dos países participantes

*Pódense deseñar a man ou usar algunha ferramenta dixital doada como **CoolText.com** ou **conversordeletras.com***

Para buscar e imprimir o mapa de Europa, pódese buscar en [Mapas de Europa para imprimir](#) e selecciónase un mapa político sinxelo e claro no que ir colocando as postais que cheguen.

- **Fanse fotos do desenvolvemento da actividade:** escribindo os letreiros, seleccionando a localización do mapa, poñendo o mapa de Europa na parede, etc.

Paso 4. Engádesse información sobre o noso centro, localidade e país

- Ata que chegan as postais mantense a comunicación e a participación no proxecto. Engadirase información sobre o **centro educativo, a nosa localidade e o noso país** na subpáxina correspondente:
 - **comentarios e fotos sobre como é o noso centro**
 - **video promocional da nosa localidade** e engadir **a ligazón** ou mostrar **fotos dalgúns monumentos ou lugares de interese**
 - **a ligazón á web oficial do noso país**
- Déixanse e contéstanselles **mensaxes aos alumnos-membros do proxecto no TwinSpace**
- Fanse comentarios no **Diario do proxecto** sobre o desenvolvemento de todas as fases e sóbense algunhas fotos (*prestaráselle especial atención á protección da imaxe dos alumnos*)

Paso 5. Colócanse as postais no mapa de Europa

- Cando todas as postais chegaron, o profesor coordinador xunto cos alumnos **pegan as postais que se recibiron no seu lugar do mapa** e vanse engadindo os diversos letreiros sobre as linguas europeas
- Se hai dificultade en colocar un mural do mapa de Europa nalgunha parede do centro, pódese facer **como alternativa unha cartolina por grupo, onde os alumnos pegan as postais** e escriben enriba o país do cal procede.
- **Fanse fotos de desenvolvemento da actividade**, colocando as postais e os letreiros preparados; e sóbense ao TwinSpace

Paso 6. Elaboración del videoresumo

Cando todas as postais xa están colocadas no mapa, cada país elabora o vídeo coa totalidade das fotos recompiladas de cada fase do proxecto e compártese no TwinSpace na páxina correspondente. Un grupo de alumnos voluntarios xunto co docente encárganse desta tarefa.

Paso 7. Visionar os vídeos cos alumnos

- Cando o mural está rematado e os videoresumos compartidos no TwinSpace, **os alumnos visionan os vídeos dos países socios e analizan** a información engadida nas subpáxinas dos centros participantes
- **Déixanlles mensaxes** aos compañeiros socios e despídense

Fase 3: Recollida de datos e Promoción

1. **Publícase información sobre o proxecto na páxina web institucional do centro escolar** e en **redes sociais** a través dos perfís de Facebook e Twitter do centro escolar
2. Inclúese **na páxina web institucional do centro unha ligazón directa ao TwinSpace**
3. **Publícanse as fotos na televisión (tv) do centro** que informa sobre as actividades realizadas polos diversos departamentos
4. Os alumnos **informan o resto das clases** e explícanlles os detalles da actividade mentres ven o mural coas postais e/ou carta

PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

- **Mural de Europa coas postais**
- **Videomontaxe coas fotos** realizadas durante a súa execución

FERRAMENTAS DO TWINSPACE/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

- Perfil individual do TwinSpace, páxinas públicas e restrinxidas, Materiais (Carpetas)
- Precísase gasto do centro ou a cargo dos departamentos implicados, en selos
- Programas dixitais para facer **letras en liña** como CoolText, Conversordeletras, ou similares
- Programas para montar **videos con fotos**: Movie-maker, Animoto, Wevideo, Magisto, Kizoa ou similares
- Facebook, Twitter, Google+... para a difusión



TEMPORALIZACIÓN

- Sesión 1: Presentación **do proxecto e dos socios**
- Sesión 2: Repartición **das claves de acceso ao TwinSpace. Comézase o Diario do proxecto**
- Sesións 3, 4 : **Completar perfís**, toma de contacto cos membros do equipo
- Sesións 5, 6 : **Créanse as postais** (píntanse e/ou péganse imaxes) e escríbese o texto. Escríbense comentarios no Diario do proxecto
- Sesión 7: Repártense os **enderezos postais dos centros educativos**. O profesor recólleas e envíaas
- Sesións 8, 9 : Prepárase o mural co mapa de Europa
- Sesións 10, 11: Déixanse **mensaxes e fotos no TwinSpace**, e infórmase sobre o centro educativo, a nosa localidade e o noso país. Fanse comentarios no **Diario do proxecto**
- Sesións 12, 13: Unha vez chegaron todas as postais, **colócanse sobre o mural**
- Sesión 14: Elabórase **o vídeo da actividade** en cada centro, coas fotos que se foron recompilando. Sóbese ao TwinSpace

- **Sesións 15, 16 : Vese a información** no TwinSpace, achegada por cada un dos países (vídeos e as subpáxinas)



Servizo Nacional de Apoio eTwinning | Proxectos de Colaboración Escolar en Europa | [Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado](#) | [Ministerio de Educación e Formación Profesional](#)

C/ Torrelaguna, 58, 1ª planta, despacho 112. 28027 Madrid Tel.: 913 778 377

[Aviso Legal](#)

